



**Ast.º: Certificado decreto da adxudicación**  
**Ref.ª: Expdte. S. 02/12**

M. BLANCA ESTÉVEZ SÁNCHEZ, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE A CORUÑA,

CERTIFICA:

Que segundo se desprende do Libro de Decretos da Presidencia arquivado nesta Secretaría ao meu cargo, resulta que o día vinte e oito de novembro de dous mil doce (28.11.2012) o sr. Presidente adoptou a resolución contida no decreto que de seguido se transcribe:

<< Sendo titular da Presidencia do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña,>>  
(...) << a referida Autoridade dita a seguinte resolución:

Logo de ver o expediente S. 02/12, incoado para a contratación da adquisición dos subministres consistentes en catro vehículos de mando e control con destino a catro parques comarcais de bombeiros do Consorcio, e atendidos en especial, os seguintes

1. documentación y, por lo tanto, en aplicación de la propia cláusula 16.2 PCAP y art. 151.2 del Texto refundido de la Ley de contratos del sector público, aprobado por el Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre (TRLCSPP), se estima retirada por el indicado licitador, la oferta por el presentada, tal y como al efecto se le notifica.

**antecedentes:**

2. Que realizadas as actuacións preparatorias, apróbase o expediente por esta Presidencia, en resolución de 22 de agosto de 2012, na que se comprendía tanto a do prego das prescricións técnicas (PPT) como o de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e dábase inicio á licitación mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria e adxudicación con varios criterios técnicos ademais do prezo.
3. Que publicada dita licitación no Boletín Oficial da provincia da Coruña 85/04.09.2012 e inseridos os PTT e PCAP no perfil do contratante, preséntanse dentro do prazo, dous licitadores.
4. Que realizadas pola Mesa de Contratación e polo Comité técnico, as actuacións das Fases I, II.1, II.2 e III que recolle a cláusula 15ª PCAP, segundo consta en actas da primeira de 16.10.2012, 22.10.2012 (dúas), 30.10.2012 e, do segundo, de 23.10.2012, a dita Mesa formula a proposta de adxudicación (Fase IV) segundo consta en acta (2ª) de 30.10.2012.
5. Que esta Presidencia en resolución do 31.10.2012, acepta a dita proposta, clasifica por orde decrecente as ofertas e, finalmente dispón a solicitud ao licitador clasificado en 1º lugar da documentación establecida na cláusula 16.2 PCAP, incluíndo a garantía definitiva.
6. Que polos motivos que constan nas resolucións desta Presidencia de 08.11.2012 e 14.11.2012, resulta que finalmente, o dito licitador non presenta a documentación e, polo tanto, en aplicación da propia cláusula 16.2 PCAP e art. 151.2 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro (TRLCSPP), se estima retirada polo indicado licitador, a oferta polo mesmo presentada, tal e como ao efecto se lle notifica.
7. Que, como consta en resolución desta Presidencia do día 15.11.2012 apícase o establecido tanto na cláusula 16.2 PCAP como no art. 151.2 TRLCSPP citados, polo que solicítase a devandita documentación da propia cláusula 16.2 PCAP ao licitador que quedou clasificado en 2º lugar.
8. Que consta presentada en data do 27.11.2012, polo licitador requirido, a documentación solicitada, incluíndo a garantía definitiva e, nesa data consta tamén realizada a correspondente fiscalización.

En consideración ao expediente tramitado, realizadas as actuacións establecidas nas cláusulas, 14, 15 e 16 (ap. 1 e 2) e, en aplicación do establecido na cláusula 16ª.3 e concordantes do prego de administrativas citado así como en relación co establecido pola Disposición adicional segunda do indicado texto refundido Lei de Contratos do Sector Público, mediante o presente

**RESOLVO:**

- 1º. Aprobar o proceso de licitación realizado por entender que o mesmo queda axustado ao establecido nas cláusulas 9ª e seguintes do prego de administrativas particulares que rexe no expediente S. 02/12, aprobado por esta Presidencia mediante resolución contida no decreto de data 22 de agosto de 2012.

5/5  
1  
Secretaria Intervención  
CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA



2º. Adxudicar o contrato para a adquisición dos subministres comprendidos no devandito expediente S. 02/12, a NISSAN IBERIA, S. A. (CIF: A 60622743) de conformidade coa súa oferta, tanto económica como técnica e, en consecuencia, nos termos seguintes:

- a) Prezo total do contrato: ascende á cantidade ofertada de 128.000,00€ (cento vinte e oito mil euros), mais a partida que corresponde ao Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), consonte ao seguinte:

	C/ UNIDADE	CATRO UDS.	TOTAL DAS CATRO UNIDADES DO CONTRATO
Prezo base	32.000,00	128.000,00	-.Cento vinte e oito mil euros.-
I.V.E. (21 %)	6.720,00	26.880,00	-.Vinte e seis mil oitocentos oitenta euros.-
Total (incluído o IVE.)	38.720,00	154.880,00	-.Cento cincuenta e catro mil oitocentos oitenta euros.-

- b) Melloras técnicas sobre as mínimas que figuran no prego das prescricións técnicas e segundo a oferta técnica presentada polo adxudicatario e que acepta o Consorcio, de conformidade co seguinte (sen carácter exhaustivo):

- Tipo de vehículo: Nissan Navara 2.5dCi SE, dobre cabina 4x4.
- Chasis: Altura mínima ao solo: 230mm. Altura total vehículo: 1.797 mm. Ancho total vehículo: 1.848 mm. Lonxitude total vehículo: 5.296 mm. Lonxitude zona carga: 1.511 mm. Ángulo ataque; 30º. Ángulo de saída: 24º. M.M.A.: 2.805 kg. Distancia entre eixes: 5.200 mm. Cabrestante eléctrico de 3.620 kg. de arrastre. Capacidade de vadeo: 450 mm. Inclinación lateral máxima: 49,8º. Pendente máxima superable: 39º.
- Motor: Diesel, Common Raíl con EGR, catalizador e Filtro de partículas (DPF). Cilindrada: 2.488 cc. Par máximo: 450 Nm a 2.000 rpm. Potencia: 190 CV (140 KW) a 3.600 rpm. Catro cilindros en liña. Cumprimenta a Norma de emisións Euro 5: 222 g/km. CO2.
- Caixa de cambios: Manual de 6 velocidades máis marcha atrás e redutora.
- Freos: Dobre circuito. Distribución dianteira e traseira. Discos ventilados dianteiros de 296x28 mm. Traseiros de tambor traseiros de 295 mm. Sistema ABS. Distribuidor electrónico de freada (EBD).
- Suspensión: Dianteira independente, amortecedores dobres concéntricos con muelle. Traseira eixe rixido con béstas.
- Dirección: De cremalleira e piñón asistida.
- Rodas: Lamias de aliaxe lixeira de 16".
- Dimensións: todo terreo tipo Pick –up catro portas e capacidade para 5 ocupantes.
- Iluminación: Faros antinéboa dianteiros e ponte de luces de acordo coas prescricións técnicas.
- Depósito de combustible: Capacidade de 80 litros.
- Pintura: conforme coa esixida no prego das prescricións técnicas.
- Equipamento mínimo: de conformidade co establecido no prego de prescricións técnicas e proposta.
- Equipamento adicional: Retrovisores exteriores de cor carrozaría con intermitentes e luz de cortesía incorporados. Elevalunas traseiros eléctricos. Barras laterais anti – impactos en portas. Parachoques traseiro cromado con escalón. Pneumáticos 255/70R16. Volante axustable en altura. Mandos de audio e control de cruceiro no volante. 6 altosfalantes. Asentos dianteiros calefactados. Embrague de dobre disco con volante de inercia (DMF). Inmobilizador electrónico do vehículo (NATS). Diferenza traseiro de deslizamento limitado. Respousacabezas activos dianteiros. Conexión iPod e entrada USB. Apoiabrazos central dianteiro.
- Garantías adicionais: Tres anos ou 100.000 Kms. incluída a asistencia en estrada. Tres anos con quilometraxe ilimitado para pintura orixinal de fábrica. Doce anos con quilometraxe ilimitado para a perforación por corrosión. Dous anos con quilometraxe ilimitado para os equipos adicionais non instalados en fábrica.

- c) Asistencia técnica pos- venda: de acordo coa proposta presentada polo adxudicatario.

4/52

CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO  
A CORUÑA  
Secretaría  
Intervención



**3º.** Así mesmo, e conforme establece a cláusula 2ª.2 do Prego de administrativas, o contrato se rexerá e forman parte do mesmo os documentos seguintes, xuntándose, como se indica, ao que formaliza e perfecciona a presente adxudicación, mediante anexo que corresponda:

- Polo disposto na presente resolución de adxudicación, cuxa certificación se unirá como anexo ao contrato.
- Polo Prego de cláusulas administrativas particulares e polo das prescricións técnicas, estes últimos, coas modificacións introducidas pola melloras que en prezo e de carácter técnico figuran no apartado anterior, que unha vez asinados polo contratista se unirán, así mesmo e como anexo, ao contrato.
- Pola documentación técnica dos subministres que comprende o contrato e que, firmada polo contratista, se unirá como anexo ao contrato.

**4º.** Comprometer o gasto que comporta a presente adxudicación con cargo ás aplicacións orzamentarias do vixente Orzamento de 2012 segundo se indica, anulando o saldo por importe total de 5.112,88€, resultante da baixa realizada (IVE incluído) sobre o prezo de licitación e gasto autorizado do total do contrato:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	PREZO LICITACIÓN (FASE A)	PREZO ADXUDICACIÓN (FASE D, PDTE. FORMALIZAR)	SALDO A ANULAR
135b2. 624.00	39.998,97€	38.720,00€	1.278,97€
135c2. 624.00	39.998,97€	38.720,00€	1.278,97€
135d2. 624.00	39.998,97€	38.720,00€	1.278,97€
135 h2. 624.00	39.998,97€	38.720,00€	1.278,97€
TOTAL CONTRATO	159.995,88€	154.880,00€	5.112,88€

**5º.** Notificar a presente á totalidade dos licitadores, así como ao que ten resultado adxudicatario, a quen se citará para a formalización do contrato administrativo que, en todo caso, haberá de suscribirse no prazo máximo dos quince días hábiles desde que se reciba polo dito adxudicatario a indicada notificación, que será realizada mediante Fax.

**6º.** Contra o presente acto comprensivo da adxudicación e que pon fin á vía administrativa (Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común), poderá interpoñerse polos interesados, ante a Presidencia deste Consorcio e postestativamente, recurso de reposición, dentro do prazo dun (1) mes, contado desde o día seguinte ao da recepción da dita notificación e, en tal caso, non poderá interpoñerse o recurso contencioso - administrativo, ata en tanto que o de reposición sexa resolto de forma expresa ou se producira a súa desestimación presunta (art. 116.2 da citada Lei 30/1992, de 26 de novembro). O prazo de interposición do recurso contencioso - administrativo posterior ao de reposición será:

- De dous meses desde o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución expresa del recurso de reposición.
- Caso de non se dictar resolución expresa, o prazo será de seis meses a contar desde o día seguinte a aquel no que deba entenderse desestimado presuntamente o recurso de reposición.

Poderá nembargante interpoñerse directamente o recurso contencioso - administrativo ante o Iltmo. Xulgado do Contencioso - Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous (2) meses contados a partires do día seguinte ao da recepción da notificación do presente acto da adxudicación do contrato (todo isto, consonte a canto queda establecido ao efecto pola Disposición adicional décimo carta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985 de 1 de xullo, do Poder Xudicial, que modificou o art. 8 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso - Administrativa, así como arts. 46.4 e 116.2 desta última).

**7º.** Publíquese certificación ou extracto desta resolución no perfil do contratante na forma regulamentariamente establecida, aos efectos de transparencia, publicidade, público coñecemento e cumprimento do disposto na cláusula 18ª do prego de administrativas particulares e emítase, así mesmo, a correspondente certificación para a súa unión ao expediente de orixe, e como anexo que corresponda

35/k





ao contrato que formaliza esta adxudicación e perfecciona o contrato, segundo se cita no apartado 3º.a) da mesma.

Rematado (...) >>

---

E para que así conste e na unión cos documentos que proceda xurda os efectos oportunos, emito a presente certificación en cumprimento do disposto polo art. 2.e) do texto normativo aprobado polo Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, e de orde e co visto e prace do Ilmo. sr. presidente, en Carballo, vinte e oito de novembro de dous mil doce.

V.º e pr.  
O presidente,

Asdo.: Santiago Villanueva Álvarez

